

PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE GALICIA DE UGT-FICA GALICIA 2019 / 2020

É un programa dirixido á mellora da inserción laboral dun colectivo de 100 persoas demandantes en situación de desemprego (30 da localidade de Santiago de Compostela e 70 da localidade de Vigo) durante un período de 12 meses. O obxectivo de inserción laboral dun 45% das persoas participantes.

As persoas interesadas deben cumprir polo menos un dos seguintes requisitos:

- Persoas Menores de 30 anos con/sen cualificación
- Persoas inmigrantes.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas en risco de exclusión social o beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.
- Persoas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción.
- Persoas Maiores de 45 anos.

Accións que se desenvolverán no programa:

- Información, orientación e asesoramento.
- Certificado de profesionalidade COML0110 Actividades auxiliares de almacén e SSCM0108 Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais.
- Formación específica e coordinada co tecido empresarial das localidades.
- Prácticas profesionais non laborais.
- Formación transversal en novas tecnoloxías e/ou idiomas, técnicas de coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, por conta propia e allea, habilidades socio-laborais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora e obradoiros sobre mobilidade laboral.
- Prospección empresarial e emparellamento de ofertas de traballo coas persoas participantes

Medidas de axuda á conciliación e á mobilidade:

- Abono dunha beca de 5 € por día de asistencia ás accións do programa.
- Bolsa para cubrir os custos dos días de asistencia ás accións co obxectivo de facilitar a conciliación familiar nos coidados das persoas dependentes que teñan ó seu cargo.

As persoas interesadas poden dirixirse directamente a:

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 12, 2º piso. 15707 Santiago - Teléfono: 654 400 117 (Belén)
Avenida GarciaBarbón 67, 4º piso. 36201 Vigo - Teléfono: 605 821 941 (Rebeca)

Horario de Atención: de 08:30 a 14:00 e de 15:30 a 18:00 horas (venres só pola mañá)